



Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, na data da sinatura dixital, en presenza da secretaria de dito concello, emito o seguinte decreto:

**ASUNTO: APROBACIÓN LISTA PROVISIONAL E DEFINITIVA DE ADMITIDOS. BASES PROCESO SELECTIVO PERSOAL LABORAL TEMPORAL. SOCORRISMO 2023.**

**EXPEDIENTE: 2023/G003/00281 (Decretos).**

**EXPEDIENTE: 2023/A008/000028 (Subvencións).**

**EXPEDIENTE: 2023/E001/000003 (Convocatoria Selección Persoal)**

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Vista a Resolución de concesión de subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade en colaboración coas entidades locais pola que se lle concede ao Concello de Vilasantar unha subvención para a contratación de 1 Socorrista durante 2 meses para para a realización do “Servizo de Socorrismo.”

Visto que mediante o decreto de alcaldía 253/2023, de 16 de Xuño de 2023, se aprobaron as bases e convocatoria para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para a contratación de 1 Socorrista.

Visto que ditas bases e convocatoria foron publicadas na páxina web, taboleiro de anuncios e portal de transparencia deste concello.

Visto que en data 19/06/2023 se presentou a oferta de emprego número 12-2023-7045 para Socorristas introducida no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Examinadas as solicitudes presentadas e visto que hai candidatos remitidos pola oficina de emprego que non presentaron a documentación porque xa estaban contratados por outro concello.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. **Resolvo:**

**PRIMEIRO.-** Avocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que tiña sido delegada por Decreto de Alcaldía número 80/2019, de data 21 de xuño de 2019, na Xunta de Goberno Local.



CONCELLO DE VILASANTAR  
R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña  
[correo@vilasantar.gal](mailto:correo@vilasantar.gal) [www.vilasantar.gal](http://www.vilasantar.gal) 981 778 169



**SEGUNDO.-** Admitir provisionalmente ó aspirante presentado que se relaciona a continuación ó proceso selectivo para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para a contratación de 1 Socorrista para a realización do servizo de Socorrismo.

**ADMITIDO:**

Nº DE REXISTRO	DNI	APELIDOS E NOME
202300000000716	460976**C	Andrade Budiño Gaspar

**TERCEIRO.-** Admitir definitivamente, por non existir lista de excluídos, ó aspirante presentado que se relaciona a continuación ó proceso selectivo para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para a contratación de 1 Socorrista para a realización do servizo de Socorrismo.

**ADMITIDOS:**

Nº DE REXISTRO	DNI	APELIDOS E NOME
202300000000716	460976**C	Andrade Budiño Gaspar

**CUARTO.-** Nomear o tribunal encargado da selección que estará integrado por:

Presidente: Elisabet Rodriguez López, Tecnico en Animación de actividades físicas e Deportivas.

Suplente: Mónica Remeseiro López, Técnico deportivo do Concello de Sobrado.

Secretaria: Maria Isabel Novo López, Administrativa do Concello de Vilasantar.

Suplente: M.<sup>a</sup> Montserrat Varela Vazquez, traballadora social do Concello de Vilasantar.

Vogal: Mercedes Costoya Cortés, Auxiliar administrativo do Concello de Vilasantar.

Suplente: M.<sup>a</sup> Luisa Cacharrón Souto, Administrativa do Concello de Boimorto.

Vogal: Elena Roca Mora, Técnica deportiva do Concello de Mesía.

Suplente: Ana M.<sup>a</sup> Vallo Camba, Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Boimorto

Vogal: María Trinidad Veiras Freire, Tecnico de cultura e información xuvenil do Concello de Vilasantar.

Suplente: Ana Belén Vazquez Garea, Técnico de intervención familiar do Concello de Vilasantar.

**QUINTO.-** Convocar ós candidatos admitidos o día 27/06/2023 ás 10.00 horas para a realización do proceso selectivo.



CONCELLO DE VILASANTAR  
R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña  
[correo@vilasantar.gal](mailto:correo@vilasantar.gal) [www.vilasantar.gal](http://www.vilasantar.gal) 981 778 169



**SEXTO.-** Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación.

**SETIMO.-** Informar ao Pleno da corporación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Mándao e asínao a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria - Interventora, María Chao Carballeira, dou fe.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.**